FEDERACIÓN GALEGA DE TIRO OLÍMPICO
Avd. Infanta Elena, S/N-Casa de Deporte
27003 Lugo
Teléfono: 982 240 241
Correo electrónico: galega@fegato.es
xuntaelectoral2026@fegato.es

ACTA NÚMERO 09/2026 DA XUNTA ELECTORAL DA FEDERACIÓN GALEGA DE TIRO OLÍMPICO
DATA: 09 de novembro de 2026
HORA INICIO: 19:00 horas
LUGAR: Sesión telemática
ASISTENTES:

- D. Santiago Alonso de la Peña (Presidente)
- D. Guillermo Manuel Picón Iglesias (Vocal)
- Dna. Pilar Vidal Barrio (Secretaria)

ORDE DO DÍA:

1. Recepción e exame do Acta da sesión da Asemblea Xeral Extraordinaria celebrada o día 07 de novembro de 2026 para a elección do Presidente da FEGATO.
2. Proclamación PROVISIONAL do Presidente da FEGATO elixido pola Asemblea Xeral (Fase VIII, punto 1 do Calendario Electoral Oficial).
3. Constatación da firmeza previa da composición da Comisión Delegada da FEGATO (Acta 08/2026).
4. Apertura do prazo de reclamacións ante esta Xunta Electoral contra a proclamación provisional da Presidencia (Fase VIII, punto 2 do Calendario Electoral Oficial).
5. Notificación e publicación dos acordos adoptados.

DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN E ACORDOS:

PRIMEIRO.- Recepción e exame do Acta da Asemblea Xeral Extraordinaria.
Pola Secretaria dase conta da recepción do Acta da sesión da Asemblea Xeral Extraordinaria celebrada o día 07 de novembro de 2026, debidamente subscrita polos membros da Mesa Electoral constituída ao efecto (artigos 9.III e 23.2 do Regulamento Electoral). Comprobado o cumprimento do quórum de asistencia e a regularidade formal do desenvolvemento da sesión, verifícanse os acordos asumidos pola dita Asemblea.

SEGUNDO.- Proclamación Provisional do Presidente.

De conformidade coa Fase VIII, punto 1 do Calendario Electoral Oficial visado, e á vista do resultado recollido no Acta da Mesa Electoral da Asemblea Xeral Extraordinaria, esta Xunta Electoral ACORDA POR UNANIMIDADE a **PROCLAMACIÓN PROVISIONAL como Presidente** da Federación Galega de Tiro Olímpico a favor de:

- D. JULIO RIVAS IGLESIAS

TERCEIRO.- Constatación da firmeza da Comisión Delegada.

Esta Xunta Electoral fai constar que a composición da Comisión Delegada da FEGATO adquiriu carácter DEFINITIVO E FERME con data 27 de outubro de 2026 (Acta 08/2026 da Xunta Electoral) de conformidade co artigo 25.3 do Regulamento Electoral, polo que a dita representación queda ratificada coa seguinte composición xa proclamada:

- Estamento de Entidades Deportivas (Clubs): Club de Tiro San Froilán, Club de Tiro Olímpico Laracha e Club Olímpico XIII Galaicos.
- Estamento de Deportistas: Dna. Beatriz Pereira Lama.
- Estamento de Adestradores: D. Fernando Dopazo Bouzada.
- Estamento de Xuíces / Árbitros: D. Miguel Ferreiro Martínez.
-

CUARTO.- Apertura do prazo de reclamacións.

De conformidade coa Fase VIII, punto 2 do Calendario Electoral Oficial, ábrese o prazo para a interposición de reclamacións ante esta Xunta Electoral exclusivamente contra a proclamación provisional do Presidente desde o día 10 de novembro ata o día 11 de novembro de 2026 ás 14:00 horas.
As reclamacións deberán dirixirse ao correo electrónico oficial desta Xunta Electoral: juntaelectoral2026@fegato.es / xuntaelectoral2026@fegato.es.

En caso de non interpoñerse reclamacións no devandito prazo, a proclamación da Presidencia elevarase a definitiva o vindeiro **12 de novembro** de 2026 (Fase VIII, punto 3 do Calendario Electoral).

QUINTO.- Publicación e comunicacións.

Ordénase a publicación inmediata da presente Acta no taboleiro de anuncios e na páxina web oficial da FEGATO para o xeral coñecemento.
Sen máis asuntos que tratar, lévantase a sesión sendo as 19:30 horas da data arriba indicada, estendéndose a presente acta que asinan todos os membros desta Xunta Electoral.

ALONSO DE LA PEÑA SANTIAGO BENITO - 33266122A
Firmado digitalmente por ALONSO DE LA PEÑA SANTIAGO BENITO - 33266122A
Fecha: 2026.11.09 20:47:17 +01'00'

D. Santiago Alonso de la peña
Presidente

Firmado por PICON IGLESIAS GUILLERMO MANUEL - ***2005** el día 09/11/2026 con un certificado emitido por AC FNMT Usuarios

D. Guillermo M. Picón Iglesias
Vocal

Firmado por VIDAL BARRIO MARIA PILAR - ***5454** el día 09/11/2026 con un certificado emitido por AC FNMT Usuarios

Dna.Pilar Vidal Barrio
Secretaria